

Non te me pares, corazón

Síntese o asubío e conteño a respiración. Por uns intres escoito tan só os latexos do meu corazón.

“Pum, pum. Pum, pum”

Bate con tanta forza que semella querer romper a gaiola de costelas que o encerran e botar a correr. O meu corazón é un órgano fráxil, pero iso é culpa túa. Ti arrancáchesmo e impregnáchelo do teu perfume, e agora quere volver xunto a ti...
E bate, máis forte, máis forte.

“Pum, pum. Pum, pum”

Bate querendo volver á túa beiriña, a un lugar seguro entre as túas mans. Eu pecho os ollos con forza e agárrome o peito para amainalo. O asubío continúa, cada vez máis preto, cada vez máis forte. E o meu corazón:

“Pum, pum, pum. Pum, pum, pum”

Quero suxeitalo, meter as mans dentro do peito e arrincalo, como fas ti, pero só son quen de cravar as unllas na pel e facer sangue.

De súpeto, silencio. Todo cala. O asubío cesa e tamén paran os golpes do meu corazón.

Un estrondo inmenso; o tremor da terra tírame ao chan e abro os ollos. Agora non escoito máis que un pitido e berros ao lonxe. O caos esténdese pola trinchera. O teito de terra despréndese e vai formando moreas de escombros no chan. A luz vai e vén, como tamén van e veñen correndo os homes, cuxa cara está completamente negra, cuberta por unha capa de po, a excepción de dous ollos horrorizados: os ollos da guerra. Incluso as ratas van coma lóstregos, fuxindo sen saber onde nin de que.

—Sito... Sito! Escóitame?

A voz de Manuel fíxose oco entre o molesto zunido que aínda me golpeaba nos tímpanos. Mireino, atordado. Estaba anicado diante miña, tíñame collido polo pescozo e agardaba unha resposta. Volvín á realidade. Fixen un esforzo por despegar os labios...

—Manuel...

—Sito, levanta, rápido. Temos que saír de aquí.

Nese momento outro estrondo sacudiu todo arredor e fíxose a escuridade definitiva. Agarrado da man de Manuel, púxenme de pé e botamos a correr ás escuras, batendo contra as paredes.

Tan só correr, sen mirar atrás, ignorando os berros procedentes de cada esquina que se cravaban coma frechas no peito.

O peito.

“Pum, pum. Pum, pum”

Manuel ía diante. Eu só corría, guiado pola súa man.

Outro estrondo máis.

—Vamos, Sito, vamos.

Por fin, ao fondo, unha luz branca e brillante que cegaba os ollos.

“Pum, pum. Pum, pum”

Levei a man ao peito.

—Non te me pares agora, corazón. -bisbei.

Por fin estabamos no exterior. Corremos cara ao bosque, cincuenta metros que semellaban cincocentos quilómetros.

A salvo, por fin.

Moitos dos demais xa estaban alí, e non quixen mirar quen faltaba. Tireime no chan e boteime a chorar. Manuel anicouse para darme unha aperta.

—Conseguímolos, Sito, fixémolos. -díxome na orella.

Despois veu Xosé, e atrás Antonio, e Luís. Facían de irmáns maiores a pesar de compartirmos máis ou menos a mesma idade, coidábanme, ao seu pequeno Sito.

Eu antes non era así. Un día fun un home forte e tiven a pel ben curtida. Mais como queren que me manteña firme se o meu peito está agretado, dos golpes que dá o meu corazón dende que te coñecín?

Meto a man no peto da camisa para comprobar que segues alí. Miro o teu retrato, sorrío e douche as grazas por coidar de min.

Entón levántome e miro ao redor, buscando o camiño para volver onda ti.

Paula Fernández Pérez